

PLAN DE IGUALDADE

CEIP PLURILINGÜE PONTE DO PORTO
CURSO 2023-24



ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO**
- 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA**
- 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:**
 - 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**
 - 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**
 - 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**
 - 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTfobia.**
- 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:**
 - 5.1. Organización do centro.**
 - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**
 - 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**
 - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**
- 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**
- 7. ANEXO. ACTIVIDADES CURSO 2023/2024**

1. INTRODUCCIÓN.

As mestras e mestres, como formadores da futura sociedade debemos ter en conta que o principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado. Debemos crear as condicións necesarias para potenciar os aprendizaxes que valoran e enriquecen a diversidade.

O plan de igualdade basearase nos principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.

- Valores democráticos: A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.
- Transversalidade: A perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo como estratexia de introducción da transversalidade nas políticas públicas educativas. Calquera momento e situación aproveitase para desenvolver no alumnado actitudes de igualdade a través de vocabulario, linguaxe, actitudes, ...impregnando a nosa actividade educativa.
- Inclusión: A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual. A diversidade enriquece as relacións mentras que a desigualdade e a discriminación, empobrecese.
- Igualdade de oportunidades: O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que as mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional. A igualdade formal e a igualdade real entre mulleres e homes integra o sentido deste principio.
- Visibilidade: O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.1.- PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia foi presentado e aprobado ao Claustro e ao Consello escolar, en sesión ordinaria, o día 24 de xaneiro de 2023.

No Plan de Convivencia figuran os seguintes fins:

- *A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.*
- *A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.*
- *A prevención e tratamento das situación de acoso escolar mediante medidas eficaces.*

Ademais aparecen os seguintes obxectivos específicos:

- *Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razóns de raza, sexo, idade...*
- *Prever os conflitos.*
- *Aproveitar as diversas situacións que se producen ao longo do curso escolar para que o centro sexa un espazo de paz, respecto, diálogo e aberto ao entorno.*

No plan tamén se propoñen actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a suscitarnos o respecto da igualdade de sexos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe é máis urxente

que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez de acordo con estes valores igualitarios.

A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

No punto 6.4 e 6.5 do Plan de Convivencia queda recollido:

Accións dirixidas á comunidade escolar:

- Uso dunha linguaxe non sexista. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información.
- Sensibilizar e concienciar ás alumnas no interese polo coñecemento científico-tecnolóxico co fin de ampliar os campos posibles de elección nas súas expectativas profesionais.
- Realización de actividades de divulgación e/ou formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación e dirixidas á comunidade educativa.

Accións no centro:

- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).
- Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.
- Encamiñar o rol de protagonismo que ostentan os varóns cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.

- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.
- Enfrontar o tema da violencia cara ás mulleres. Debemos abordar este tema como un compromiso social e educativo. A escola non pode mirar cara a outro lado e reforzar as ideas que sustentan a violencia contra as mulleres. A violencia de xénero non é un problema que afecta ao ámbito privado senón que é unha expresión extrema e brutal dunha desigualdade subxacente na nosa sociedade, sustentada nunha violencia cultural e estrutural que debe ser combatida en varios ámbitos simultaneamente: xudicial, policial, sanitario, medios de comunicación, publicidade, pero sobre todo no ámbito da educación.
- Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.)
- Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social:

- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.
- O Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

- Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

2.2.- PROXECTO EDUCATIVO

No PE figura o seguinte obxectivo coeducativo:

- *Sensibilizar ao alumnado tratando temas “transversais” e outros relacionados de interese social: educación para a paz, para o medio ambiente, para a igualdade, a tolerancia, a educación moral e cívica, para o consumo, educación vial, para a saúde,...*

Ademais recóllense os seguintes puntos dentro do apartado: **“señas de identidade do centro e principios educativos que as rixen”**

1) Formación Integral.

O alumnado recibe unha formación integral, e procura desenvolver as competencias precisas que o preparen para o futuro:

-Unha educación en valores como a dignidade da persoa, a liberdade, igualdade de todos, o respecto e a tolerancia polos dereitos humanos e polo mundo en que vivimos.

2) Respecto pola diversidade.

Aténdese á diversidade do alumnado, tratando de adecuar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ás necesidades individuais:

-Foméntase a interculturalidade.

-Poténciase a creación de actitudes positivas de convivencia nun marco de respecto aos demais.

-Edúcase nos principios de paz, cooperación, solidariedade e tolerancia, para construír unha sociedade que viva en harmonía.

-Favorécese e poténciase o respecto cara as demais persoas, non se discriminará pola súa condición, sexo, relixión, raza.

2.3.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

En canto o PAT aparecen o seguinte obxectivo coeducativo :

- Favorecer unha dinámica de convivencia, integración e participación dentro do grupo.

Para o seu desenvolvemento propónse variar a agrupación durante o curso para favorecer a integración e coñecemento de todo o alumnado e a celebración de asembleas para dialogar e comentar problemas de convivencia.

2.4.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO.

Neste documento figuran os seguintes obxectivos coeducativos:

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

Ademais tamén aparecen nos dereitos e deberes do alumnado:

- Todos os alumnos teñen os mesmo dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.

- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

- A que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales cuestións.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

O CEIP Plurilingüe Ponte do Porto é un centro situado na localidade de A Ponte do Porto, no concello de Camariñas. Na actualidade conta con 158 alumnos/as. Hai, practicamente, o mesmo número de alumnas que alumnos.

O centro conta cos servizos complementarios de transporte e comedor que utiliza case a totalidade do alumnado.

No centro véñense desenvolvendo actuacións para prever condutas contrarias a convivencia, desigualdades de xénero e de apoio educativo para aquel alumnado con necesidades específicas para a súa inclusión no grupo de referencia.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Detectar e eliminar as situacións de desigualdade no centro e nas familias, dtransmitindo valores que corrixan estas situacións.
- Respetar e valorar as características e calidades doutras persoas, sen deixarse influir por actitudes discriminatorias en relación co sexo.
- Potenciar o desenvolvemento das capacidades persoais sen deixarse influir por ningún tipo de condicionante de carácter sexista.
- Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa, mediante o uso dunha linguaxe non sexista.
- Crear conciencia sobre a importancia da igualdade de oportunidades, respetando e valorando a diferenca mediante actividades que fomenten a mesma.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Promover a detección temperá e a intervención ante a violencia de xénero no ámbito educativo e promover actuación de sensibilización para contribuir a súa erradicación.
- Realizar acción de sensibilización, formación e implicación da comunidade

educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Identificar e analizar de forma crítica as manifestacións sexistas que se producen na linguaxe cotiá, así como as mensaxes que nos transmiten os medios de comunicación.
- Utilizar unha linguaxe non sexista.
- Fomentar unha cultura coeducativa que nos permita avanzar hacia a igualdade.
- Participar de forma igualitaria na realización de xogos e tarefas, así como o reparto de responsabilidades, rexeitando a división do traballo en razón do sexo.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTfobia.

- Desenvolver a propia identidade persoal e autonomía con independencia da variable xénero.
- Colaborar na construción dunha sociedade baseada no respecto da individualidade e dereitos de cada persoa.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUENTES ÁMBITOS:

5.1. Organización do centro.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade, con especial atención ás familias.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.

- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo entre outras)
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, ...

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, ...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, selección de contidos, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través dun taboleiro no centro e da web.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.

- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, ...
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para lograr os mellores resultados co desenvolvemento deste plan levarase a cabo unha avaliación continua e formativa que permita valorar se os obxectivos planteados foron os idóneos e así poder realzar as modificacións oportunas.

Trátase dunha avaliación que implica un proceso de reflexión e análise sobre as actuación que se van desenvolvendo e sobre o resultado das mesmas.

Na avaliación final valorarase os resultados obtidos, posibles melloras, necesidades e grado de satisfacción do plan.

INDICADORES DE MEDIDA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Como instrumento de avaliación consideramos fundamental os procedementos e técnicas basados na observación, xa que nos van a permitir realizar un análisis e unha valoración orientadora e reflexiva.

Criterios de avaliación:

- Alumnado:
 - ✓ Nivel de participación nas actividades propostas.
 - ✓ Utilización dunha linguaxe non sexista.
 - ✓ Respeto hacia os compañeiros/as.

- Profesorado:
 - ✓ Nivel de implicación e participación no proxecto.
 - ✓ Uso dunha linguaxe coeducativa e libre de prexuízos.

- Plan:
 - ✓ Grado de interés para o alumnado e profesorado.
 - ✓ Grado de consecución dos obxectivos propostos.

Indicadores de medida:

A efectos de avaliación, o plan sería un éxito se:

- ✓ O nivel de participación e implicación da comunidade educativa foi alto.
- ✓ A dinámica dos grupos foi realmente fluida e cooperativa.
- ✓ Se houbo un cambio positivo na actitude das nenas e nenos: formación de grupos mixtos de maneira espontánea, ...
- ✓ O grado de autonomía dos grupos e material elaborados foi de calidade, libre de trazos sexistas.
- ✓ Se as controversias conceptuais e a reflexión colectiva e individual en torno o tema aportaron valores de equidade e xustiza social.

ANEXO

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS. CURSO 2023/2024

1.- ALUMNADO:

ACTIVIDADES	1º TRIMESTRE
Samaín/ Halloween/ Magosto (30 e 31/10/2023)	Para todo o alumnado. Xogos populares, Scape Room, contacontos e castañada.
Plan Director (6/11/2023)	5º e 6º de E.P
Día Universal da infancia (20/11/23)	Mural por titorías dende infantil a 6º de EP
Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25/11/2023)	Talleres e/ou obradoiros do Concello para 6º de EP, pendentes de confirmar e outras actividades
Concurso postais de Nadal (decembro 2023)	Bases: Valores e igualdade
Cine (decembro 2023)	Títulos adaptados a idade do alumnado
Festival de Inverno (21/12/2023)	Actuacións musicais, teatrais, coreografías propiciando a desaparición de estereotipos sexistas
Proxecto de resolución de conflitos	Actividades para todo o centro (recuncho da paz, banco da amizade..)

ACTIVIDADES	2º TRIMESTRE
<p>Formación do alumnado: Contrato – programa: Innova: Edu-saúde</p> <p>Plan Proxecta: Proxecto da Vida Activa e Deportiva. XOGADE</p>	<p>Obradoiros para todo o centro. Pendente de contratar empresas.</p>
<p>Biblioteca Escolar</p>	<p>Adquisición de fondos para Infantil e Primaria sobre a igualdade.</p>
<p>Día Escolar da non Violencia e da Paz (30/01/2024)</p>	<p>Todo o alumnado do centro: murais, cancións...</p>
<p>Día de Rosalía (24/02/2024)</p>	<p>Todo o alumnado, adaptando as poesías da escritora. Fomentar a creatividade e o respecto polo traballo.</p>
<p>Festival de Entroido (9/02/2024)</p>	<p>Todo o alumnado.</p>
<p>Día Internacional da Muller (08/03/2024)</p>	<p>Talleres e/ou obradoiros adaptados a todos os niveis (Concello) Pendente de enviar información.</p>
<p>Deporte Interno (recreos) En todos os trimestres</p>	<p>Fútbol, Datchball.</p>
<p>Semana da Poesía (última semana de marzo)</p>	<p>Todo o alumnado. Exposición libros de poesía. Recitado. Creacións propias.</p>
<p>Proxecto de resolución de conflitos</p>	<p>Actividades para todo o centro (recuncho da paz, bando da amizade..)</p>

PLAN DE IGUALDADE. CEIP PLURILINGÜE PONTE DO PORTO

Asociación Visibles	Obradoiros da igualdade para todos os cursos.
Asociación STOP Accidentes	Obradoiros de seguridade Vial para todos os cursos.

ACTIVIDADES	3º TRIMESTRE
<p>Formación do alumnado: Contrato – programa: Innova: Edu-saúde</p> <p>Plan Proxecta: Proxecto da Vida Activa e Deportiva. XOGADE</p>	<p>Obradoiros para todo o centro.</p>
<p>Semana do Libro (abril 2024)</p>	<p>Para todo o alumnado. Apadriñamentos lectores, exposicións...</p>
<p>Xornada de convivencia (xuño 2024)</p>	<p>Alumnado de 4º, 5º e 6º de EP Pendente de recibir información.</p>
<p>Xornada de convivencia (xuño)</p>	<p>Andaina , xogos, merenda ...</p>
<p>Xornada de convivencia</p>	<p>Visita do alumnado de 6º de EP ao IES Pedra da Aguia Visita do alumnado de nova incorporación ao centro.</p>
<p>Festival fin de curso (21/06/2024)</p>	<p>Actuacións dos distintos niveis.</p>
<p>Proxecto de resolución de conflitos</p>	<p>Actividades para todo o centro (recuncho da paz, bando da amizade..)</p>